




A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica na súa reunión de data 25 de marzo de 2015, en exercicio das súas funcións conforme ao recollido na *Orde do 9 de abril de 2010 pola que se establece a composición, organización e funcionamento da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT)*, e ante a inminente e previsible aprobación do “Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”, por parte do Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud prevista para o día 26 de marzo de 2015, e con data de entrada en vigor o 1 de abril de 2015, baixo o asesoramento da Subcomisión para o tratamento da hepatitis C, creada de conformidade co artigo 9 da citada orde do 9 de abril de 2010, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, os medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico: **VIEKIRAX** (OMBITASVIR, RITONAVIR, PARITAPREVIR), **EXVIERA** (DASABUVIR) e **HARVONI** (SOFOSBUVIR e LEDIPASVIR), no marco das directrices que incorpore o “Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”, aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud.
2. Actualizar os criterios de uso dos medicamentos indicados no tratamento da Hepatite Crónica polo Virus da Hepatite C (VHC) incluídos con anterioridade na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde **SIMEPREVIR**, **SOFOSBUVIR** e **DACLATASVIR**, igualmente conforme ás directrices que incorpore o “Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud” aprobado polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2015



COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

